

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

ANO XV

A Cruña, 1.º Xunio 1931

Núm. 284

AO DECORREL-OS DIAS

À medida que pasa o tempo acentúase a nosa confianza de acadar para Galicia o réxime autonómico pol-o que vimos loitando. O Goberno provisional ten feito expresas decraracións de que nas Cortes Constituintes é seguro de que ficará instaurada a República federal dando acolida, por virtude do Pacto de San Sebastián, aos Estatutos que as diversas nacionalidades presenten.

Son moitas as razóns que determinan a nosa esperanza. Ademais da confianza que nos merecen os homes que na actualidade dirixen os destiños do Estado hespañol a de, entre outras, que o problema de Cataluña terá inaprazabel solución. E Galicia non pode de ningunha maneira ficar en condicións de inferioridade.

O pouco tempo que xa falla para a reunión das Constituintes ten de ser para nós de intenso traballo. Xa témonos decatado ben d-elo como o proba o feito de que dende a proqramación da República os homes do nacionalismo non temos un día de repouso. Nas catro provincias galegas a campaña de propaganda da idea autonomista vense realizando con unha intensidade endexamais igualada.

E compre resaltar como toda Galicia acolle con verdadeira complacencia esta campaña. Os oito anos de Dictadura que nos impediron estar en contaito cō pobo galego coídamos foron de gran proveito pois crearon nos galegos unha concencia do propio valimento e da necesidade de que Galicia rixa os seus destiños xa que ficou craramente demostrado que o réxime centralista era un oustáculo ao desenrolo da nosa vida particular.

No íntimo de cada galego aniñaba a convicción de que se fai necesaria, urxente, unha total renovación no réxime estatal. À República veu a poñer o problema en vías de franca solución e por eso non podemos perder un momento para chamar a Galicia a esta cruzada patriótica para non desaproveitar esta o casión de conquistar a autonomía.

À asamblea convocada pol-a Orga e para aprobar o Estatuto galego celebrárase na Cruña o 4 de Xunio será o aito de maior resonancia e transcendencia que a nosa terra ten realizado na reclamación dos seus dereitos. Canto en Galicia representa algo no orde social, cultural e político e a embaixada patriótica que chegará de América acudirá à asamblea con un fervoroso anxeio de estudar e aprobar o réxime autonómico que reclamaremos ante o Palramento constituinte.

Ante este desexo tan unánimemente expresado por toda Galicia ante o feito da razón que nos asiste non pode dubidarse que no seu día a autonomía será unha vizosa e leda realidade. Nós sentímonos fondamente outimistas.

Compre ademais que os deputados que en nome de Galicia vaian às Cortes Constituintes o fagan dispostos a defender o noso Estatuto contra calqueira contixencia que poidera xurdir. Quen así non o manifeste previamente non pode considerarse deputado galego.

À forma en que as eleicións van a se facer axudan moito ao conqwerimento da nosa aspiración. Desaparecidos os distritos e facéndose por circunscricións provinciales non é tan fácil que o vello caciquismo poida retoñar. Cada provincia eleixirá aqueles homes que mais confianza lle mereszán. E eses homes non serán outros que os que defenderon sempre e defenden agora as necesidades de Galicia xa que son ademais os que de cote demostraron unha conducta política honrada e inspirada na preocupación patriótica galega.

Son momentos de vital importancia, verdadeiramente decisivos, os momentos autuaes. Nós confiamos moito en que o pobo galego e os homes que xurdán na vida pública decataranse da súa enorme responsabilidade e uns e outros cinguidos n'unha arela patriótica loitarán para conqwerir n'esta hora histórica a libertade da nosa terra plasmada na autonomía integral.

DO MOMENTO

O contaito en que hoxe estamos co pobo galego por virtude da campaña autonomista que ándase a facer en toda Galicia revélanos que o mais puro da vida galega, o labrego, sinte fundamente as nosas arelas e decátase con firmeza da necesidade que sexa un feito o noso programa. A cantos mitins asistín poiden ollar como o paisano asinte ás nosas verbas convencido de que ninguén até agora soupo interpretar con mais xusteza o seu problema. Con verdadeiro entusiasmo acércase a nós a nos expresar a súa compracencia.

Mais o paisano aínda non é libre e coído que pasará moito tempo para que o sexa. A súa falla de cultura e a súa desconfianza obrigada polo engano en que sempre estivo sometido pol-a política caciquil obrigao aínda por agora a estar á expectativa do que suceda, e como non é dono de sí continúa sometido por agora aos manexos dos vellos caciques que o amenazan e dícenlle que voltarán a mandar. No íntimo da súa conciencia sabe o que quere e sabe onde están os que o poden libérrar, mais como aínda está recente o mando do cacique da súa parroquia e n'algunha siguen no poder os mesmos individuos, moitos incorporados agora ao republicanismo, sigue naturalmente desconfiado e non sabe que aptitude adoutar. A República, cos seus beneficios, non chegou aínda ó agro galego. E penso que pasará moito tempos en que se deixen sentir ali os resultados do troque de réxime.

A vida do noso paisano é tan difícil e complicada, foi tan explotado e tan enganado, que non sabe que facer no momento actual.

Facia falla unha urxente lexislación encamiñada a liberar a vida do campesino galego e tirarlle da súa vista os caciquiños que valéndose de todol-os medios estiveron eternamente enganandoos.

Son moitas as razóns que abonan a necesidade da autonomía, mais quizáis ningunha como ésta para facer unha total renovación da vida oficial do agro de cote inspirada no mangoneo o no atropello do paisano indefenso.

Unha das cousas mais indignantes que se ouservan andando hoxe pol-os pobos da nosa terra é ollar como os partidos políticos que existían antes existen aínda agora aunque con outros nomes. Os liberaes, os conservadores e, onde os hai, os

da dictadura ingresaron cada grupo en diversas agrupacións republicanas e os pobos siguen divididos o mesmo que antes da República. Cos mesmos odios e cos mesmos desexos de mandar. E non hai maneira de convencerlos de que o sistema político vello desapareceu para sempre. Si acaso falan con ún e reconocen a realidade das cousas mais a división continúa e non hai forma humán de cinguilos.

Como é moi difícil atopar nos pobos xentes que non militaran nos vellos partidos, o poder naturalmente recaeu n'algún dos grupos e xentes que autuaron caciquilmente na monarquía ao estaren agora nas comisións xestoras teñen a xenreira dos contrarios e aínda se permiten caciquear e anular aos que están na oposición.

A provincia de Ourense é algo espantoso. Hai grupos bugallistas que se pasaron ao socialismo. E os caciques gordos andan detrás dirixindo o cotarro.

Véxolle difícil arranxamento a esto. Faranse as eleccións municipais para constituir os concellos que nas derradeiras foron mal constituídos e voltarán a trunfar os mesmos en todas partes. A única diferenza consistirá en que agora chamaranse republicanos de este ou aquel grupo. Eu sei de algún presidente de comisión xestora que está asesorado e dirixido por antigos caciques e alcaldes do mesmo pobo.

Penso que o Goberno autuou demasiado blandamente n'este asunto. Si eliminara, aunque fora violentamente, a toda esta xente, sin escrúpulo e sin contemplación, aínda a cousa tería millor arreglo porque pol-o menos o paisano vería que as cousas tiñanse trocado e podería intervir aitivamente. Hoxe non pode. Per agora está obrigado a seguir

aos mesmos que seguía antes, que uns están mandando nos concellos e outros mandan dende a obscuridade.

Vólvese ún tolo realmente buscando o xeito de resolver o asunto. Eu compadezo aos Gobernadores das provincias galegas que incapacitados de autuar con má de ferro teñen que pasar por istas cousas que arrepian e indignan.

En fin: alá veremos como se arranxa todo pois supoño que anque sexa con lentitude haberase a arranxar. De momento, e durante moito tempo, a vida política das vilas pequenas e dos concellos ruraes é un xeroglífico que non hai maneira de descifrar.

N'estes momentos en que Galicia está ventilando o seu porvir e tén necesariamente que conquistar a autonomía non sei que resultado dará a forma en que andan as cousas polos pobos pequenos que son os que dan a votación e mais influiron sempre na política galega. O asunto non está en boas mans e non será difícil que os antigos caciques e moitos republicanos que agora teñen mando entorpeceran a patriótica labor que é necesario desenrolar n'estes momentos.

Non sei como andarán as demáis provincias galegas, pero a de Ourense que estou ollando estes días concenzudamente ó algo que non se atopan verbas para calificar.

Desaparecería Bugallal, pero a súa autuación de tanto tempo deixou aquí unha obra que vai a ser difícil destruír pol-o menos sin que pasen moitos anos.

Unicamente a autonomía para que con ela viñera a necesaria renovación podería desterrar para sempre éstas anormalidades que por agora non hai posibilidade de desenraizar.

Están na masa do sangue de cantos autuaron esiguen autuando aínda na política rural.

VICTOR CASAS

Cumprindo co noso deber

Chegou a República chea de promesas, e ofrecéndonos ja de feito unha ocasión com'outra non houbo, e que somentes a nós nos cadra aproveitar, pra o conquerimento da autonomía de Galiza, base do noso programa político.

O esforzo todo dos nazonalistas galegos n-iste instante, débese endereitar e endereítase a poñer en primeiro plano o problema da autonomía, a convencer a todos da prioridade e da urgencia d'iste problema.

Compre levar isto á concencia de todos. A maoria dos galegos de todol-os partidos queren hoxe a autonomía. Compre, pol-o tanto convencelos de duas cousas:

Primeira: que o probrema da autonomía debe ser anteposto n-iste istante a todo outro. Porque o non facelo, porá en perigo o conqwerimento da autonomía. Non debemos consentir qu'isto seña posposto. A anteposición d'outros probreimas, por parte do Goberno ou por parte dos partidos, poden non ser mais que armas e pretestos pra soslayar a custión, fuxir d'ela ou desbotala.

Segunda: que diante d'iste probrema, todo intrés ou diferenza partidista debe desaparecer, pol-o momento; qu'agora convén diante de nada, a unión de todol-os galegos pra esta finalidade común. O arredarse do fronte úneco autonomista pode constituir unha treición contra Galiza, de consecuencias irreparábeles pra o noso pobo.

Ninguén poderá dicir qu'os nacionalistas puñemos obstáculo a esta unión. Ninguén poderá dicir que non collimos unha posición de máisima transigencia e de franca colaboración co Goberno provisoal da República e coas forzas qu'o sosteñen. Ninguén nos pode pôr chata d'impacencia ou de falla de discipriña.

E nós facemos isto porque sabemos e sostemos qu'a autonomía de Galiza non é negocio d'un partido, senon intrés común e co-leitivo de todol-os galegos.

Por iso imos levando a todos o noso ideal, e por iso endejamais se fixo na nosa Terra unha tan intensa e incansábele campaña autonomista, nen endejamais obtivo tampouco a nosa Causa, que é a de todos, tan innumerábeles adhesiós.

Vese qu'a gente non viña a nós, non porque non atopara atinado o noso programa, senon porque, baixo o réxime monárquico, considerábano irrealizábele; mais de qu'a República o ven a facer posibele, a gente apúruse a ajuntarse arredor da bandeira.

E nós queremos que todos veñan colaborar na nosa obra. Pro-cramamos unha tregua nas loitas partidistas n-iste istante tan soilo en que debemos aunar-as forzas de todos pra soste a Galiza, e conseguír por de pronto as nosas reivindicaciós. Logo, ja virá o demáis.

Nós chamamos a todos a faguer por Galiza unha curta tempa-da, o mesmo sacrificio que nós vimos facendo dend'hai quince anos. Hay quince anos que os nacionalistas galegos, prescindindo das nosas diferenzas ideolóxicas, renunciando ainda moitas veces a expôrmos puntos de vista individuás e convicciós persoales, loitamos juntos pol-o ideal común da rendención galega. Será moito pedir qu'os demáis o fagan por uns meses?

Cando total-as regións hespañolas s'están preparando, imos deixar qu'a nosa Terra se quede atrás de todas pol-a nosa culpa?

Por outras cousas que valen menos, imos facer deixación dos nosos dereitos que temos como galegos?

Matinemos todos ben na imensa responsabilidade d'iste momento, e non deamos lugar a térmonos que arripintir despois.

Diante de todo, non fagamos, coscente ou incoscentemente, treición á santa causa de Galiza.

VICENTE RISCO

Faiscas

Xa andan por ahí algúns elementos decindo que Galicia non está preparada para rexirse autonómica-mente. Son eses espritos pusilámi-nes e carentes de fondo sentimento galleguista que se asustan ante un posibel troque do réxime político que impera na Hespaña. Son os mes-mos que fai pouco tempo decían que Hespaña non estaba preparada para a República. Son os que van a gus-to no machito e os que non ven mais aló dos fuciños e teñen medo a todo o que siñifique renovación.

O argumento é estúpido. Non hai ninguén, persoa o pobo, que non esteña sempre preparada para mello-rar de vida. Todo troque radical, su-cede agora mesmo co'a República, trae consigo un tempo de interini-dade natural e lóxico namentras non fique imposto o novo réxime que facilmente se conquire co'a exai-ta aplicaciós das leis.

Galicia non tén por que ter medo ningún a conqwerir a autonomía en c'as enormes ventaxas están d'abon-do discutidas. Conta en primeiro termo con un intrínseco desexo de renovarse e rexirse por si mesma n'aquelas cousas que lle son peculia-res. Si poido vivir até agora n'un réxime tiránico de centralismo accei-tando leis que son antagónicas coa sua vida social, económica e política millor poderá facelo n'un réxime de liberdade e con leis propias pro-ducido do exaíto coñecemento das suas necesidades.

E conta con homes capaces para se encarregar de primeiro momento do goberno rexional. Nas ringleiras do galeguismo ficou demostrado sem-pre que hay homes capacitados e profundos coñecedores da Terra en todol-os seus aspeitos. Hainos tamén n'outros campos da políteca galega e xurdirán ademáis facilmente no réxime autonómico. Pol-o de pronto moitos que até agora ianse a Madrid para autuar na política nacional non terán necesidade de o facer e descollarán si os méritos lles axu-dan na política galega.

Non hai medo ningún. Non temos porque facer caso do que andan a decir por ahí algúns. A autonomía será un ben para Galicia e non hai argumento serio que demostre o con-trario.

Tamén a custión do idioma fai que moitos poñan reparos á futura auto-

nomía. Os do idioma transixen en todo o demais, encol de todo no orde administrativo, pero na cuestión idiomática non andar moi d'acordo. Non saben ver a necesidade de que o galego seña cooficial. Fáltalles unha emoción e sóbralles moito de cursilería e señoritismo.

Tamén nos comenzo das Irmandades combatíamos de moitas maneiras e mais hoxe o tempo demos-

trou como nós tiñamos razón e soupemos ollar ao lonxe as verdadeiras comenencias da nosa terra.

E como imos pouco a pouco con-querindo incorporar á verdadeira Galicia ao noso idearium e non tardaremos moito en que aquel sexa unha realidade si as cousas van como van.

Que digan o que queiran os nemi-
gos disfrazados do galeguismo. Non

imos, agora que a posibilidade do trunfo está perto, a deternos a discutir con eles.

Somentes quixen poñer de manifesto a forma que agora adoutaron os inimigos de sempre da liberación e adementamento da nosa terra.

AMARO DE VILAMELLE

O deber de "se dar conta"

No mundo hay unha cousa a mais importante de todas: o darse conta. Un arte superior. Que algúndexa adeprenda, co que outros xa nacen dispostos pra a vida. Hai quen dono de unha rexa intelixenza, de forte vontade, de sensibilidade requintada ou das tres superioridades xuntas, pasa pol'o mundo desemprazado, sin deixar obra fecunda nin xiquer poder por un instante introir na atmosfera moral do seu tempo. Isto eisprica moitos caracteres desgrazados, pesimistas, que fuxen de se decatarse da razón do seu inxusto fracaso, de se non saber dar conta da realidade.

E non se diga que seña mal particular dos maxinativos, dos especulativos. Non. As veces, sempre que un home de forte vida interior se dá conta, fáise dono do mundo, é dicir do anaco de tempo e de espazo do seu mundo. O que lle intrese. O que pode moldear e esculturar en inmorrentes feitura. Exemplo: os grandes reformadores relixiosos. Igual, n'iste caso San Bernaldo que Calvino.

E nos pobos acontece igoal, aínda que as reai-
ciós aparezan con difrente mensura de volume. Mais os pobos saben e poden agardar. Sobretudo os pobos de moita vida interior que sentindo mais que os outros a responsabilidade do destino hestórico se non deixan engayolar pol'as aparentes oportunidás. Por iso os pobos pragmáticos figurando estar sempre ó cabo da realidade

poucas veces acertan ca sua intema e verdadeira, e mais que inzarse na hestorea, esbaran encol d'ela.

Os galegos, en conxunto, souperon agardar moito. Pois agardando se non enxoiaron. Pol'o contrario enriqueceron o paisaxe interior. Caste ista de pobos pr'os que «darse conta» unha soila ves no longo tempo hestórico e cuestión de vida ou morte. O fracaso nos escolleitos non tén remedio doado como nos medeanos.

Agora a Galicia criada e recriada espiritualmente dáse conta de ser un pobo. Hoxe non hai outro problema de superior trascendencia a iste. A vaga e difusa espiritualidade galega dáse conta. Mais pra que isa maravillosa unanimidade se mañifeste e trunfe é preciso que un fato de homes dirixentes—isa minoría que dá forma ós certos mais escuros sentires dos pobos—se dé conta tamén, sin unha dúbida, da realidade esencial do instante que chega. A liberdade da Galiza está no ambiente enteiro. Mais istas forzas ceibes poden amolecer si se nos prasman deseguida en realidás. Angueira dos dirixentes na Galiza. Minoría que no caso de se non dar conta, será responsabre d'outra era de saudade na Galiza. E non da lirica saudade espranzada sinón da desespranzada saudade, fadal e violenta, das que sofren a vergonza de ter feito no mundo un ridículo sin cura.

R. OTERO PEDRAYO

DO MOMENTO

Chegaron os tempos nos que todo bon galego está na obriga de acordar para dar colaboración ou render axuda aos que traballan para que a patria acade os seus anceios de se gobernar por sí mesma. Debemos bulir e pedir de rexeo o cumprimento dos nosos degoros.

Descomasi, estamos a vivir n' unha hora da que depende o porvir de

Galicia, e car esto é así, deixemos que se ouva por allur o barudo brado da redención.

E postos a laborar de un ou de outro jeito pol-a nosa Terra, teñamos decote presente que adur haxa outra nazonalidade na Península que tan definida persoalidade teña como a nosa, e por eso debemos enxergar as suas características, sen pretender copiar servilmente ningunha organización de uquer país que el seia, pol-o menos, si non é axeitada ou

acomodada ás propias exigencias. Porén, será nos sempre útil nos ilustrar nas leis de todas as partes, mais, voltemos a o repetir, que integramente adoitadas, constituirían exotismos que, a curta guisa, atrafegarianse en calamidades de alleo rescendo.

Tan de sobre venta e con tan pouco siso sería crear un fato de naciós *en serie*, sin ter en conta as particularidades, que ben axiña habían se ver os grandes desastres. E quen

non acredite n'esto lon ten un concepto sequer aproximado da geografía e do que é a humanidade. Non se poden dar a esquencimento leis que regiron outrora, rígen arastora e regirán crás.

Decatados, pois, de que o mundo non é acordado como un tillado de

parellas taboñas, senón ás avesas, e tendo presentes os imperativos eternos, que decote mostráranse acesos, non desperdiciemos a hora crítica da que os nosos descendentes tomar-nos haberán estreita conta.

S. M.

A ídea da Nazonalidade

E. Prat de la Riba

As diversas teorías encol da nazonalidade, olladas de lonxe, abranguendo o conxunto d'unha só ollada perden o aspror do aillamento; a súa individualidade emboutase, pra dar vida a un sistema orgaico de grandes correntes ideolóxicas que empalman coas da ciencia e dan vida e releve á formula ou nozón mais esauta da nazonalidade.

O materialismo do século XVIII, preparado pol-o eseciticismo ateigado de *bonhomie* dos grandes escritores dos séculos XVI e XVII, e a fonte da primeira d'estas grandes correntes d'ideas. Cando imperaba na Filosofía o sensualismo de Locke e Condillac, e no dereito o legalismo cesarista dos romaistas e o utilitarismo de Benthan, e encomenzaba a xeira maravillosa das invencións mecánicas e medraban ás carreiras as ciencias esbigoadoras da natureza física, era lóxico e natural qu-a vella ídea da infuensa do ambiente material encol do home, sostida sempre dendes d'Aristóteles deica a Egidio Roman e a Ben Jaldum, dendes d'Huarte ate Montesquien, fose levada ao cabo qu-a foi levar Herder, cando decía: «Dádemo a estreitura d'un país e eu vos direi a súa Historia.» «Denantes qu-ocurrise algo no mundo-engadía as cadeas de montañas, os pregues do terreo, os meandros dos ríos e dos regueiros asinalaban xa, con liñas inemboutables, a fisonomía vindeira da Historia. Qu-unha d'estas bisbarras troque de forma, que aquíadiante un estreito, que acolá s'abra un canle: os progresos e a desfeita do mundo a oura dos pobos e dos Estados, pol-o espazo dos séculos, percorreran ben desviados vieiros». A aizón do crima encol do home arrecadaba tamen os entendimentos, e ollábana tan potente, que, asegún úns, adentra e modifica a natureza orgaica: asegún outros transforta a configura-

zón do corpo, o xeito de vivir, os praceres, as ocupazóns, ata a mesma ialma dos pobos, Unha vegada dado o empuxo, a infuensa do ambiente físico foi a causa de todo: da ceibidade e da tiranía, do valor e da cobardía, do espírito de conquistar e domiñar, da orgaización da familia e todas outras instituzóns xurídicas, do espírito progresivo ou o de rutina, dos caracteres e especialidades das falas, da fisonomía característica do arte, das orentazóns da liteiratuha: n-unha verba, da vida social completa.

Co-esta grande corrente enguedellanse todal-as utopías das fitas ou fronteiras naturaes, das unidades xeográficas, circunscritas unhas vegadas pol-o decorrer d'un río, outras por cadeas de montañas, asegún convíña á concupiscenza dos conqueridores ou dos tirans: vella conceizón nascida nas tradizóns da adeministración romá, resurdida nos tempos msdernos con tantas outras cousas das civilizazóns pagás pol-os adependentes de César que ocupaban os tronos da Europa, e pol-os estadistas e escritores qu-os axudaban. Todos procuraban os lindeiros naturaes dos pobos nos fitas das grandes provincias ou prefeituras romás, as unidades territoraees por escelenza: Gallia, Italia, Britannia, Hispania.

Mais os adiantamentos das esbigoazóns xeográficas axiña puxeron en evidencia qu-a todos estes territorios faltáballes n-ausoluto a unidade de terreo, d'estroitura, de crima e outras condizóns d'esta caste, indispensabres pra constituir o que algún chamóu nazonalidade xeográfica. Por esto a crítica afastouse d'estas falsas conceizóns, e precurando verdadeira unidade xeográfica, foi parar á concrusión radical de Odysse-Barot: *a nazonalidade é unha cunca hidrográfica*, fórmula derra-

deira e mais cencífica d'este movemento idelóxico que afirma a eistencia de numerosas nazonalidades dentro de cada ún dos modernos Estados da Europa.

De camiño que esta grande corrente materialista facía ao home escravo do fatalismo da natureza física, o idealismo astrauto e xeraizador que no século XVIII e comenzos de XIX chegou ao cume do seo centileo có trunfo do doutrinarismo apriorista da Revolta francesa, verdadeiro apoxeo da renascenza do cesarismo latín, provocou unha baruda reaizón, a cal, encomenzada xa de tempo pol-os estudos d'alguns esgrevios pensadores, recibeu o empuxo decisivo coa grande revolta romántica, podente virada d'ideas e sentimentos, admirabre pol-a súa fecundidade, pol-a universidade da súa infuensa e pol-a grande variedade de matizes qu-a formaban. A xente da Europa sinteuse de súpeto faterna de alancal-o se espírito pol-os pórticos da civilizazón greco-latina o peso do convenzonalismo crásico esmagáballe a ialma, a friaxe do artificio chegáballe ao corazón; como muller histerica, tan axiña sentía grande placer de rir como desexo invencible de chorar, e d'este estado d'espírito, d'este sentimentalismo doente en qu-a scprendeun a convulsión do 1790, nasceu a morriña do pasado, saudade da vida das primeiras centurias, a sede d'afundil-o espírito outravolta na escóler idealidade dos delubros góticos, en que s'apaxexaba de nena, de transitar pol-os patios e estrados dos castelos señoriaes, de falar as linguas populares que antonzas se falaban, de se tratar con xentes como os enxebres soldados de outrora, motelotes pero sinxelos; re-xos, mais súpetos; desabidos, mais homes, non bonecos de salón, feitos pra facer xenufreiziós e cortesías como os hóspedes da corte de Versalles.

A sociedade sentía a saudade da forza, da vida que torna, e reverte e, como a vida é realidade, tral-os poetas do romantismo viñeron os homes de ciencia; tras de Chateaubriand, que se folga en pintal-a Franza de Clodoveo, Thierry, o historiador artista, que se sinte ferido de supeto pol-a intuinzón do rol das razas na vida dos pobos, e rube a conceizón etnolóxica da historia; tras de Herder a pleiade de folkloristas, e despoixa os xuriscunsultos os gramáticos e os filólogos.

Escúlcase ao comenzo o home eisteior; o vestido a cór dos ollos e do cabelo, os tintes do pel, a fereza ou dozura da súa ollada, todol-os detalles etnográficos que dan a visión

asauta, pero eisterna ren mais, dos homes e das razas. Encomezase por aquí. Mais, axiña quere-se saber algunha cousa mais íntima; cando a fisioloxía facia tan ademirabres progresos e o estudo do orgaismo tiña enxendrado os cabos do sistema de Gáll e dos frenólogos, non era posible que se non adicasen os esbigoadores a medilas dimensións do cráneo e fixal-a sua configurazón, apreciál-o ángulo encefálico, a determinar o altor etodal-as outras circunstancias do esqueleto das razas, considéiradas como variedades fisiolóxicas da especie humá.

Eis a grande corrente antropolóxica, retardada por tantas tropezas e desnaturezada por tantos erros e prexuízos. Hoxe encomenza a entrar no seu círculo propio, despoixa de ter querido invadir eidos aos que non tiña pertenza e d'haber sido desbotada. A primeira, raza faciase sinónimo de nazonalidade: era usual e común o traducir *ethnos* e *natio* ou *gens* por raza; d'esta ampriazón do propio senso da derradeira verba naseu a confusión da *raza histórica*, ou variedade da especie das sociedades, coa *raza antropolóxica*, ou variedade dos individuos da especie humá, tomados ailladamente, d'un a un, desvencellados de todo vínculo de sociedade. A fórmula d'este erro é a afirmazón de que *a nazonalidade é unha raza*.

O vô inmenso dos estudos históricos manifestouse n'algo mais que nas esbigoazóns antropolóxicas, e, de camiño qu-as variedades fisiolóxicas, esculcaron os pensadores e historiadores as variedades sociais ou de civilización ou cultura, as razas históricas, as grandes individualidades colectivas ou *nazonalidades*.

O feito das nazonalidades suxestionou podentemente aos grandes escritores alemáns do século XVIII, entón mesmo cando mais sé enchia a boca da verba humanidade e mais s'acochaban eisteriormente d'un falso varniz de cosmopolitismo. Estaban en plena renascenza nazonalista: todos traballaban cada un na sua esfera, pra desterrallainfruenza estrenxeira: os úns pra rexenerar a humilde e acorrunchada fala alemá; outro pra tirar da literatura xermánica o caraute de sucursal das literaturas francesa e inglesa; os xuriconsultos, pra manter a integridade do dereito xermánico ameazado pol o pantasioso uniformismo da condificazón a *priori*, veiculo da introduzón da infruenza francesa no sistema xurídico nazonal; os filósofos, pra crear unha metafísica tan orixinal e carauterística, tan ateigada do espírito

xermánico, que é o espello mais craro e mais fidel do xenio da Alemaña. Achábanse c'un pais ao qu-o renascimento crásico e o predominio da cultura francesa tiñan virado en ermo, en esteril terreo feito a man tenta pra que ali medrasen infecundos imitadores, entendimentos revirados de nascimento, d'estos que saen adrede pra desleigar das cousas da sua Terra e facer de tornavozes das modas alleas; e por eso todos con mais ou menos crarividencia, todos sentiron a saudade d'unha Xermania xermánica, e voltaron con respecto e amor as olladas doscontra a Idade Media, onde a fitaron grande e enxebre, tal como eles a arelaban. Fenómeno curiosísimo, propio de total-as renacenzias, se repite entre nós coa mesma intensidade e persistenza!

A individualidade das nazóns xurde con vivísimo releve nas obras dos pensadores d'aquel século, sobretudo nas do home das grandes intuízóns,—Herder

A humanidade presentase ás suas olladas como unha familia de pobos ou nazóns, cada unha singularizada por un carauter derterminado, cada unha na posesión d'un temperamento e unha fisonomía especialisma. Total-as escolas realistas posteriores recollen esta idea, e a reproducen a bordan e traballan, dándolle releve aos seus detalles, o un dempois do outro.

A escola histórica, presentida por Cuyás e Vico, e fundada por Hugo, Niebhur e Savigny, foi a reaizón do dereito vivo dos pobos xermánicos contra a invasión d'unha lexislazón estranxeira, a francesa, que petaba ás portas de total-as nazóns, como portavoz da xustiza universal e aulsoluta, do dereito astrauto, depositado nos alambiques da razón dialéctica. O dereito é un froito da consciencia d'un pobo, qu-o fai á sua semellanza e asegún as suas necesidades; é un prodoito do espírito nazonal, fonte de toda a vida d'un pobo, comenzo e raiz de total-as suas manifestazóns. Non é obra arbitraria da razón astrauta, senón sustancia viva do orgaismo social, xungida ao proceso do desenrolo orgaico ou da evoluzón natural. Cada pobo teu o seu dereito que é o úneco que s'amolda ás suas necesidades e responde á idiosincrasia do seu temperamento. A consecuencia loxica e indeclinable de estas premisas, xurdeu axiña: ali onde ai sistemas xurídicos distintos, ali hai tamén, *un criterio ou sentimento xurídico criminal*.

A conceisión da fala cõ dereito foi un dos *leit-motiv* mais constantes da escola histórica; son elementos

da mesma individualidade social con creta, prodoito d'aquela forza misteriosa. A fala é tamén un prodoito natural, non o resultado d'unha convenzón ou do artificio do home. »Unha fala — decia Herder — é un todo orgaico que vive, desenrólase e morre como ser vivo, a fala d'un pobo é, por decilo asin, a mesma ialma d'este pobo, feita visibre e tanxibre». Pra conoser un pobo tense de posuer a sua fala, pra aprecial-a sua literatura terásede conoscel-a fala en que está escrita. cada nazon pensa como fala e fala como pensa. Querer reformar unha lingoa como se troca unha lei, é empresa ridícula; quitarlle os seus idiotismos é tirarlle a sua fisonomía orixinal é disfigurala no canto de a embelecer. Cando se fala de dar mais dozura á lingoa alemán, o úneco que se demostra é o desconocimento do que é unha fala. O alemán, non é aspre nen bárbaro. déronlle esta sona as xentes que o non falan. Tal como a fixeron as xenerazóns, é o molde que se construen o pensamento alemán e o úneco que lle cadra. Quen atenta contra a fala dun pobo, atenta contra sua ialma e lírea nas mesmas fontes da sua vida. Hai que procuralla riqueza da literatura medioeval; ali atópase o xenio alemán denantes de ser reformado pol-a infruenza latina francesa.

Esta convinzón encol da natureza das falas, tan distante da que dominaba nos tempos da renascencia crásica, reaparece sempre n-unha ou outra forma nos pensadores alemáns e nos qu-os seguiron.

Iniciase, como consecuencia, o estudo cencífico das falas; nasce a filoloxía comparada; tírase do pò dos arquivos os vellos códices das falas aldraxadas; ademírase as obras dos poetas, tanto dos que facían resoar con serventesios os laios d'amor nas cortes señoriaes do Languedoc e a Provenza, como dos matelotes pigoireiros da Finlandia, tanto dos que apasexaban a lingoa da Suevia pol-os peados castelos da terra xermánica, como dos que coa gaita aos frós percorrian os cláns da Escocia recreando aos montaneses do Hihgland coas xestas dos seus herois lexicarios.

Total-as falas que unha longa subxezón política mantiña adormecidas, sentiron achegarse unha ventada vigorosa qu-as levaba ondeadas de ár alentrabe e s'estremeceron cõ profundo espasmo da vida que torna. «Despértate, deus adormecido—berraba unha potente voz—; despértate pobo alemán; non te deixes arrebatat o teu *palladium*.» E esta imprecazón, qu-o medo de ser

derrumbada por unha fala estranxeira tiña rrinco da ialma xermánica, resôu en toda a Europa, e os pobos escrabos erguéronse enardecidos e aferraronse con crecente enerxía sã falas propias. Esboira entón na Europa un grandioso renascimento literario: no que toman parte todas as falas, o levadas pol-a grande revolta romantica, todas acorrunchadas deica entón, fanse ouvir no concerto universal das ietras. Provenzaes, checos, húngaros, flamengos, finlandeses, polacos e tantos outros voltaren á honrar o cultivar as falas respectivas.

En todas as partes a fala seran instrumento do rexurdir d'un pobo. Non compre decir, pois, se foi potente a corrente ideolóxica que, nutrida por fontes tan fecundas, fai

da fala e nazonalidade unha mesma cousa. Xa Leibnitz esculcaba, ao comenzo de século XVIII, que «os mapas dan a conoser os lindeiros dos Estados, mais non os das nazóns que xurden. ao contrario, da armuña das falas», e dempois d'el dixerono e repetirono innumerabres pensadores qu-o din e ainda tornan a decijo. Os mesmos pobos decrarano deste xeito, e tanto valer dñlle á fala, que asegún uns o flamengo, a *fala é toda a nazón*; asegún outros, o maxiar, *a fala é a mesma nazonalidade*.

A outra ponla derivada do mesmo tronco qu-as duas que finamos de facer menzón, é a corrente da estética sociolóxica. Non canto de ver na obra do arte un prodoito aillado, froito arbitrario do artista, a criteca

moderna decatouse de que é un prodoito natural d'un sistema de causas sociolóxicas, quixo esculcar por onde penetraban as suas raizes, de que terras se nutrian, e, escarabellando, escarabellando, atopou o granito durísimo e permanente dos caracteres nazonaes. E comparando as obras de arte unhas con outras, desaochou que hai algo común nas obras d'un país. qu-o mesmo s'atopa nos lenzos dos pintores que nos delubros e pazos. nas estatuas e nas obras literarias, o mesmo nas d'hoxe que nas d'onté e que nas de sempre; ese venello común é o selo do *caraiter nazonal*.

Trad. de X. A. R. Tenreiro.

(Proseguirase)

CARRAL!...

DE AVELINO DIAZ

O pobo de Galicia eseravizado «erguéndose coa forza d'unha arela», topouse otra vegada conxunrado pra crebar as cadeas de Castela. Por tirano poder asoballado, faltoso de xusticia, quixo tel-a; é, como fixo xa na vella idade, a sua bandeira ergueu, de liberdade.

Outas serras, campias verdescentes, toxales, carballeiras é regueiros; veigas i-agros cubertos de sementes, ventos mainos paxaros cantareiros Cibdás, vilas i-aldeas frebecentes, labregos, estudantes, mariñeiros; todo e todos semellan ter un sino que quer trocar por outro o seu destino.

Pra desbotar o xugo de inxusticia que murchou o dereito dos galegos, os soldados i-o pobo de Galicia, as xentes da campiña i-os vilegos... non dubican, xungidos n-unha albridia a sua patria lle donan sangue a regos i-alentaos no fogar e na batalla o verbo aceso que Faraldo espalla.

Aquil bardo románteco, nas rúas da misteca e gloriosa Compostela, o fatado ceibou de arelas suas i-o anatema varil contra Castela. Berrou afervoadado, as verbas orúas ouvrouse do Miño hastr-o Sarela, Da santa liberdade namorado deu alentos ô pobo encadeado.

A roxa labarada que acendera Solis, leial e nobre guerreiro, mártir da liberdade, xa lle dera os froitos desexados en Sigüeiro. Valente i-arroutado, a loita fera

grandeceu o seu nome inmorredeiro anque tivo unha sorte malfadada de Cacheiras na tráxica xornada.

Com-un fero Titán, cheo de carraxe, ergueuse c-unha presa de valentes disposto pra vingar o vello aldraxe que fixeron, xa tempo, extranas xentes. Un brillante capidoo na paisaxe de Galicia esquirbia, i-entramentes a sua vida xogou na loita brava pra que ceibe se vira a terra. eserava.

Sen cumpril-o desexo, moura sorte lles deu o ceio ôs «bos é xenesosos», mans aleives lles deron fria morte que gardou suas fazañas e seus osos. Mais, souperon morrer co esprito forte sin tremar diante naide, os hérois nósos, i-os seus relembrs, nós, hemos gardal-os hastra que veña o día de vingal-os.

Que axiña ten que vir o nobo día que mais craro alumée a nosa terra; crebados os grillons da tiranía, pol-a forciã do dereito, ou pol-a guerra. Estoncias, na cibdade é na campia, na carballeira no agro é mais na serra han de cantar os fillos de Galicia un hino á liberdade i-a xusticia.

Entramentes. Ou Concha e Villalonga Puig-Samper, Cachafeiro é Mac Crohon sobor do boso relembrs, sexa eterna maldizón!

¡Hérois de Galicia! ¡Mártirs de Carral! que tráxicamente vos fostes ô alem. ¡Benzoada sexa a vosa lembranza por milleiras de séculos. Amén!

A NOSA TERRA

PRECIOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas.
América, un ano 8 pesetas. (Pagos adiantados)

REDAIÇÃO E ADEMINISTRACIÓN

Rúa Real, 36, 1.º A Cruña

Peluquería La Modernista

PROPIETARIO

Manuel Acea Suárez

Peluqueiro dos teatros Rosalía Castro e Linares Rivas, da Escola Dramática Galega e de todol-os cadros de decramación da Cruña.

Especialidade en pelucas, afeites, crepés e compretas caraiterizacions para Teatro.

Para toda crás de traballos de peluquería dirixirse a

SAN ANDRÉS, 94, 1.º A CRUÑA

FRANQUEO CONCERTADO

Sr.

Imprenta de M. Villuendas. - Betanzos

Zincke Hermanos

LIBRERÍA - PAPELERÍA - IMPRENTA

CANTÓN GRANDE, 21 - ESTRELLA, 37

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

Banco Pastor

Antes Sobrinos de José Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito Ptas, 17.000.000

Id. desembolsado 11.000.000

Fondo de Reserva 6.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro-Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxia, Carballo, Mondoñedo, Pontedenne, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballeira, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Pontearreas, Chantada, Orense, Cedeira e Ordenes

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista	2	1/2	%	anual
A tres meses	3		%	"
A seis meses	3	1/2	%	"
A un ano	4		%	"

CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

CONTA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

PAULINO FREIRE

BOUZAS - VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa. Aparellos armados e en panos para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado. Cables de aceiros, ingleses. Aceites xenerás e vexetaes, e surtido compretado para maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 29

A CRUÑA

A superioridade dos

CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais o procedere d'unha industria galega.

HONRA DA NOSA REXION

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pola sua Terra.

FÁBRICA, AVENIDA DA GRANXA. - A CRUÑA

DESPACHOS:

Cantón Grande, 15, A CRUÑA

Real, 110, FERROL

Príncipe, 9, VIGO

GRANDES ALMACENES DE TECIDOS

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

Inmenso surtido en panos da rexión e estranxeiros. Confecciónase toda crás de prendas para mulleres, homes e nenos.

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256 - A CRUÑA